



SERVICIOS Á CIDADANÍA
Administración Local.

NOTA INFORMATIVA DE CCOO DO EXMO. CONCELLO DO CARBALLIÑO
A tódolos medios de comunicación:

Estimados medios de comunicación

O motivo do presente comunicado é denunciar a continúa falta de negociación colectiva do actual goberno do Concello do Carballiño, o que se traduce en constantes vulneracións por parte deste dos Acordo de condicións laborais do funcionariado e do Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello do Carballiño.

**1º) Séguese sen facer caso dos escritos que presentamos os representantes dos e das traballadoras, denunciando o cobro das nóminas con retraso, o superar sempre o período marcado tanto no Acordo coma no Convenio.
Este feito vímolos denunciando dende CCOO dende hai máis dun ano e medio.**

2º) O Concello do Carballiño segue traballando cun Interventor que acumula a plaza e compatibiliza como pode este posto co seu na Deputación Provincial de Ourense, polo que dende CCOO seguimos reiterando que este Concello pola súa importancia e sendo cabeceira de Comarca, precisa dos tres habilitados nacionais con exclusividade para o bo funcionamento do mesmo.

3º) Estanse a incumplir preceptos legais estipulados na Lei de Prevención de Riscos Laborais, tales como: Recoñecementos médicos que tardan máis dun ano sen facerse, dotación de EPIS axeitados ás labores do persoal de oficios e Grupo de Emerxencias Municipal, a non facilitación de documentación relativa ás medicións do Gas Radón en todas as dependencias municipais

4º) Incumprimento do asinado como Acordo de Productividade que fai que se esté a aboar ditas cantidades ó persoal con retraso xeneralizado de 2-4 meses sobre o previsto e que incluso traballadores e traballadoras con dereito a eses abonos e despois de deixar de prestar servizo no concello (xubilacións) tardan un ano en recibir eses importes.

5º) Dende CCOO queremos denunciar que dende que foron asinados eses documentos (Acordo e Convenio), constituíuse a Comisión de seguemento dos mesmos pero nunca foron convocados por parte desta Administración, recordamos que ditos documentos datan do ano 2018.

Este incumprimento tradúcese nunha ausencia de beneficios sociais estipulados neses documentos que os traballadores e traballadoras municipais están a deixar de ter, por exemplo a contratación dun SEGURO que cubra incapacidades permanentes, habendo xa varios casos que deixaron de prestar os seus servizos e non se puideron ver beneficiados de ditos acordos.

6º) Dende CCOO sulñamos unha vez máis a desidia nalgúns departamentos nos que resultaría fácil dotar de medios persoais para traballar máis e mellor, non cubrindo as vacantes: Área de Persoal, Subvencións, Servizos Sociais, Grupo de Emerxencias e Vías e Obras, entre outras. Sobrecargando de traballo nalgúns casos e noutros sometendo a diversos traballadores e traballadoras a realizar funcións que non lle son encomendadas na RPT deste Concello.

7º) Temos que destacar dende CCOO a falta de negociación colectiva deste goberno que se ve claramente na Convocatoria previa á aprobación dos Orzamentos Municipais do ano 2025, que este sindicato xa anunciou que votaba en contra e que presentaría alegacións, e se fose necesario Recurso Contencioso-Administrativo por FALTA DE NEGOCIACIÓN sindical, ó convocarse unha sóa reunión fora dos prazos establecidos e sen toda a documentación necesaria para preparar a mesma e defender "in vigilando" os dereitos dos e das empregadas públicas deste Concello.


8º) Xa por último, dende CCOO denunciámos que este Concello non completou o proceso de Estabilización fundamentalmente por falta de rigor e a propia desidia anteriormente exposta o que fai que algúns traballadores e traballadoras se vexan nestes momentos en "terra de ninguén" e vendo que pasou a oportunidade de estabilizar o seu posto de traballo coas máximas garantías e as mesmas do persoal que sí estabilizou noutros postos de traballo.

Sen máis que agardar que a difusión deste comunicado faga entrar en razón ó Goberno Municipal, convoque canto antes a Comisión de Seguimento do Acordo de Productividade, faga caso ós requerimentos da Inspección de Traballo en canto a dotación de EPIS e cumprimento do articulado do Acordo e Convenio tras diversas denuncias de CCOOe se produza unha verdadeira negociación colectiva programada co fin de mellorar as condicións laborais do persoal do Concello do Carballiño.

Asinamos o presente no Carballiño a 10 de marzo de 2025.

PRESIDENTA COMITÉ DE EMPRESA
DE EMPRESA

SECRETARIO DO COMITÉ



Patricia Nogueira Civeira
Presidenta do Comité de Empresa
do EXCMO CONCELLO DO CARBALLIÑO



Juan José Iglesias Muleiro
Secretario do Comité de Empresa
do EXCMO CONCELLO DO CARBALLIÑO

O Carballiño, 10 de MARZO de 2025